

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 7 de febreiro de 2020, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Elección da Vicepresidencia da Comisión**

**Punto 2. Elaboración do ditame, á vista do Informe da Ponencia, sobre a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de modificación da lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido (doc. núm. 57950, 10/PPLC-0000018)**  
*Publicación do Informe da Ponencia, BOPG n.º 601, do 31.01.2020*

**Punto 3. Proposicións non de lei**

- 3.1 57781 (10/PNC-004607)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pierres López, María Luisa e 3 máis  
Sobre o impulso polo Goberno galego das modificacións necesarias nas figuras impositivas nas que ten competencias normativas co fin de protexer a capacidade económica das persoas menores e vítimas de violencia de xénero que tributan en Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 552, do 23.10.2019*
- 3.2 60228 (10/PNC-004822)  
Grupo Parlamentario Mixto  
Villares Naveira, Luis e Casal Vidal, Francisco  
Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dun plan estratéxico para a converxencia de Galicia coa media española en investimento intanxible sobre o produto interior bruto nos próximos catro anos  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 584, do 07.01.2020*
- 3.3 61337 (10/PNC-004878)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis  
Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para publicar os criterios empregados pola Agader para o establecemento de convenios cos concellos galegos durante a X lexislatura, así como o seu número e contía económica  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 594, do 22.01.2020*
- 3.4 62199 (10/PNC-004957)  
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda  
Torregrosa Sañudo, Julia e 2 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da



ralentización que presenta o ritmo de crecemento da economía de Galicia, no terceiro trimestre de 2019, en relación co conxunto da economía española  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 599, do 29.01.2020*

- 3.5      62246 (10/PNC-004960)  
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda  
Torregrosa Sañudo, Julia e 3 máis  
Sobre as modificacións que debe impulsar o Goberno galego na Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, para posibilitar a aplicación polos concellos do recargo do IBI sobre vivendas baleiras previsto na normativa reguladora das facendas locais co fin de estimular o mercado da vivenda en alugamento  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 599, do 29.01.2020*
- 3.6      62402 (10/PNC-004971)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego respecto das colaboracións económicas e convenios entre a Xunta de Galicia e a fundación privada Cipri Gomes  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 599, do 29.01.2020*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2020

María Teresa Porritt Lueiro

Presidenta da Comisión

María Teresa  
Porritt Lueiro

Firmado digitalmente por María Teresa  
Porritt Lueiro  
Nombre de reconocimiento (DN): cn=María  
Teresa Porritt Lueiro,  
email=maria.teresa.porritt.lueiro@parlame-  
n.todegalicia.gal  
Fecha: 2020.02.05 09:59:03 +01'00'



Asinado dixitalmente por:

María Teresa Porritt Lueiro na data 05/02/2020 9:59:03



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL SAÍDA**  
**Data asento: 05/02/2020 10:08:39**  
**Nº Rexistro: 18930**  
Data envío: 05/02/2020 10:08:39.202

CSV: REXISTROgb8Y7dLBE5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

